

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN  
CURRICULAR  
CURSO 2021-22**

**CEIP VALLE INCLÁN (O GROVE)**

**Abril 2022**

*(Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia).*

## 1. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa:

A promoción do alumnado está regulada no artigo 6 do capítulo II da Orde do 25 de xaneiro pola que se actualiza a normativa de avaliación na ensinanza, entre outras, de Primaria.

Segundo dita orde, a non promoción só afectará aos cursos de segundo, cuarto e sexto, sendo a mesma automática nos outros niveis.

A decisión da non promoción dun alumno será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os seguintes criterios de promoción sobre os que decide o centro:

Un alumno non promocionará ao curso seguinte cando suspenda máis de dúas áreas ou sempre que se considere que non logrou a progresión adecuada nos obxectivos de etapa e que non alcanzou un axeitado grado de adquisición das competencias correspondentes. Excepcionalmente o equipo docente poderá decidir a promoción aínda suspendendo máis de dúas áreas sempre e cando se considere que as razóns para tomar tal decisión non lle impidan seguir progresando no novo curso.

Na decisión da non promoción tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

No ano da permanencia, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas en Primaria:

Para levar a cabo esta mención, tal como recolle a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o equipo docente poderá propor o outorgamento dunha mención honorífica ao alumnado que superen todas as áreas da etapa e obtiveran un sobresaínte ao finalizar educación primaria nun área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. O criterio que o centro considera que debe ter o alumnado para outorgarlle a mención honorífica é que cumpra os requisitos que establece a mencionada Orde e que demostre un rendemento académico excelente é que acade o sobresaínte na avaliación de todas as competencias no remate do curso.

### 3. Aprobación e publicidade:



#### 3.1. Aprobación:

Os criterios referidos, logo de ser consensuados e aprobados na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica que tivo lugar o martes 5 de Abril de 2022 unha vez que foron debatidos nos diferentes ciclos, foron aprobados en reunión de Claustro de Mestres o martes 24 de Maio de 2022.

#### 3.2. Publicidade:

Con data de 31 de Maio de 2022 publícanse os criterios de promoción en Primaria e de outorgamento de mención honorífica en 6º curso na páxina web do Centro. Ademáis, na mesma data dase información ás familias sobre ditos criterios a través da aplicación ABALAR MÓBIL.

O Director



Asdo.: Ramón López Mañón